

ORDENANZA REGULADORA DA TAXA DE CEMITERIO MUNICIPAL

Aprobación: 11/10/89 - B.O.P.: 27/12/89

Modificación: 30/03/00 - B.O.P.: 07/06/00

Modificación: 24/01/05 - B.O.P.: 23/02/05

Modificación: 20/02/06 - B.O.P.: 05/04/06

Modificación: 18/12/06 - B.O.P.: 22/12/06

Modificación: 29/12/08 – B.O.P.: 30/12/08

Artigo 1. FUNDAMENTO E NATUREZA.

En uso das facultades concedidas polos artigos 133.2 e 144 da Constitución e polo artigo 106 da Lei 7/1985, de 2 de abril, Reguladora das Bases de Réxime Local, e de conformidade co disposto nos artigos 15 ao 19 da Lei 39/1988, de 28 de decembro, reguladoras das Facendas Locais, este Concello establece a taxa de Cemiterio Municipal, que rexerese pola presente Ordenanza Fiscal, cuxas normas atenden ó previsto no artigo 58 da citada Lei 39/1988.

Artigo 2. FEITO IMPOÑIBLE.

Constitúe o feito imponible da taxa a prestación dos servizos do Cemiterio Municipal, tales como: Asignación de espazos para soterramentos, permisos de construción de panteóns ou sepulturas, ocupación dos mesmos, redución, incineración, movemento e colocación de lápidas, reixas e adornos, conservación dos espazos destinados ao descanso dos defuntos, ou outros que, de conformidade co previsto no Regulamento de Policía Sanitaria Mortuoria sexan procedentes ou se autoricen a instancia de parte.

Artigo 3. SUXEITOS PASIVOS.

Son suxeitos pasivos contribuíntes os solicitantes da concesión da autorización ou da prestación do servizo e, no seu caso, os titulares da autorización concedida.

Artigo 4. RESPONSABLES.

1. Responderán solidariamente das obrigas tributarias do suxeito pasivo as persoas físicas ou xurídicas ás que se refiren os artigos 38.1 e 39 da Lei Xeral Tributaria.
2. Serán responsables subsidiarios os administradores das sociedades e os síndicos interventores ou liquidadores de quebras, concursos, sociedades e entidades en xeral, nos supostos e co alcance que sinala o artigo 40 da Lei Xeral Tributaria.

Artigo 5. EXENCIONS SUBXECTIVAS.

Estarán exentos os servizos que se presten con ocasión de:

- a) Os soterramentos dos asilados procedentes da Beneficencia, sempre que a condución se verifique por conta dos establecementos mencionados e sen ningunha pompa fúnebre que sexa custeada pola familia dos falecidos.
- b) Os soterramentos de cadáveres de pobres de solemnidade.
- c) As inhumacións que ordene a Autoridade Xudicial e que se efectúen na fosa común.

Artigo 6. COTA TRIBUTARIA.

A cota tributaria desta taxa será a que figura no Anexo desta Ordenanza.

Artigo 7. OBRIGA DE CONTRIBUCIÓN (DEVENGO).

Nace a obriga de contribuír (*devéngase a taxa*) cando se inicia a prestación dos servizos suxeitos a gravame, entendéndose, a estes efectos, que dita iniciación se produce coa solicitude daqueles.

Artigo 8. DECLARACIÓN E LIQUIDACIÓN.

1. Os suxeitos pasivos solicitarán a prestación dos servizos de que se trate. A solicitude de permiso para construción de mausoleos e panteóns irá acompañada do correspondente proxecto e memoria, autorizados por facultativo competente.

2. Esta taxa xestionarase en réxime de *autoliquidación*, debendo facerse polo suxeito pasivo no momento da solicitude do servizo de que se trate, con ingreso do importe que corresponda na Tesourería Municipal ou en calquera das entidades financeiras autorizadas polo Concello do Porriño.

Artigo 9. INFRACCIÓN E SANCIÓN.

En todo o relativo a cualificación de infraccións tributarias, así como das sancións que ás mesmas corresponden en cada caso, estarase ao disposto nos artigos 77 e seguintes da Lei Xeral Tributaria.

DISPOSICIÓN FINAL

A presente ordenanza fiscal, cuxa redacción definitiva aprobouse polo Pleno da Corporación en sesión celebrada na data que se expresa no anexo desta ordenanza, entrará en vigor o mesmo día da súa publicación no Boletín Oficial da Provincia e será de aplicación a partires do día 24 de xaneiro de 2005 permanecendo en vigor ata a súa modificación ou derogación expresas.

ANEXO

1. A tarifa que se aplicará para a exacción desta taxa será a seguinte:

CONCEPTO	€/ANO
CEMITERIO MUNICIPAL	
A) LICENZAS DE INHUMACIÓNS:	
1.- Adultos.....	31,45 €
2.- Nenos (ata 15 anos).....	10,48 €
3.- Fetos e restos anatómicos.....	6,99 €
B) LICENZAS DE EXHUMACIÓNS.....	10,48 €
C) CONCESIÓNS TEMPORAIS	
1.- Concesión dun nicho por 6 anos.....	153,78 €
2.- Por cada ano máis, ata un máximo de 4	31,45 €
3.- Concesión sepultura en terra por 6 anos.....	50,66 €
4.- Por cada ano máis, ata un máximo de 4	10,48 €
5.- Concesión de cinceiro por 6 anos	69,89 €
6.- Por cada ano máis, ata un máximo de 4	6,99 €
D) CAMBIO DE TITULARIDADE:	
1.- Por cada mausoleo.....	139,81 €
2.- Por cada nicho.....	31,45 €
3.- Por cada cinceiro	13,97 €
3.- Entre pais e fillos ou cónxuxes.....	10,48 €

2. A presente ordenanza Fiscal, aprobouse polo Pleno da Corporación en sesión celebrada ao efecto o día 11 de outubro de 1989.